



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

B A N D O

CONFINAMENTO DE SOSPEITOSOS DA COVID-19 NA CASA

Debido á evolución moi negativa da pandemia do coronavirus no concello, recórdase a prohibición dos **sospeitosos por síntomas e contactos directos con positivos** pola **COVID-19** de permanecer en lugares públicos, sendo obriga destas persoas quedar **confinados** nas súas casas. Apelamos á responsabilidade individual de cada persoa que redundará no ben de toda a comunidade. Incumprir esta obriga dará lugar á oportuna denuncia e sanción polo concello ou autoridade competente. Igualmente informamos que calquera veciño/a de Irixoa confinado que o necesite, cando precise axuda (alimentos, medicinas, etc.) deberá chamar ao concello para solucionar a súa demanda.

Irixoa, 25 de novembro de 2020

O ALCALDE

Antonio Deibe Sanmartín



RECOMENDACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA :

- Toda a cidadanía deberá adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente esixible aos titulares de calquera actividade. Así mesmo, deberán respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención da COVID-19.
- Ante calquera síntoma compatible con COVID-19 non saia da casa e contacte cos servizos sanitarios